



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



### **BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.**

#### **OBXECTO.**

Fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa do bono das persoas autónomas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SUBVENCIÓN.**

Poderáse conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial das persoas beneficiarias desta orde unha subvención do **80 % da actividade que se vai subvencionar, cun límite máximo de 3.000,00 euros** de axuda polo conxunto de actividades subvencionables e o resto do gasto será por conta da persoa beneficiaria.

Esta axuda terá unha liña de actuación, de mellora da competitividade, a través dos seguintes investimentos:

- Compra de maquinaria.
- Compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética.
- Investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos.
- Compra de utensilios e ferramentas.
- Reforma do local do negocio.
- Equipamento informático.
- Equipamento de oficina e/ou negocio.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas, páxinas web, apps e redes sociais.
- Deseño de marca.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariados, a persoa beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

**PRAZO PARA SOLICITAR: Dende o 25/01/2023 ata o 29 de Setembro de 2023.**

**PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO 981778169. (Lourdes).**